



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE XULLO DE 2012**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA  
Concelleiro  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as dezanove horas e seis minutos do día cinco de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE XUÑO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 1/R/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N° 18/2012) E EXPEDIENTE N° 2/2012 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

3º.-DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 522 DE 11 DE XUÑO DE 2012, APROBANDO A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

*Sr. Alcalde:* Boa tarde a todos e sede benvidos á sesión ordinaria plenaria do mes de xullo. Antes da nada agradecer a colaboración dos voceiros para facer este cambio xustificando da hora de celebración do pleno ás sete da tarde.

#### A) PARTE RESOLUTORIA

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 7 DE XUÑO DE 2012.** Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 7 de xuño de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/R/2012 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 18/2012) E EXPEDIENTE Nº 2/2012 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

*Sr. Blanco Carracedo, do PP:* Boas tardes. É un expediente que ditaminou favorablemente a Comisión de Facenda relativo ó crédito extraordinario e suplemento de crédito en relación co recoñecemento extraxudicial de créditos. Os importes deste expediente pretenden cubrir un recoñecemento extraxudicial de 538.112, 92 euros que se pretenden financiar mediante este suplemento das partidas que xa existían e a creación dun crédito extraordinario. En total o importe da operación conxunta é de 600.969,018 euros que se financiarán con sobranche do consorcio de Xantar na Casa e do grupo de función un de vías públicas, é dicir, baixa de créditos por importe de 57.001 euros en remanentes, que proceden do remanente neto de tesourería, do exercicio 2011 por importe de 543.967,039 euros.

*Sr. Alcalde:* Moi ben, moitas grazas. Algunha intervención?. Ten a palabra Sra. Louzao.

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:* Boas noites a todas e a todos. Ben, este expediente, unha vez que o analizamos, o noso grupo considera que un pouco é intentar enganar ós compañeiros da corporación e ós veciños e ás veciñas. Efectivamente, como ben dicía o portavoz de goberno, recóllese un recoñecemento de crédito por valor de 166.000 euros que corresponden a facturas do exercicio anterior, facturas que sempre dende a responsabilidade e como xa temos noutra ocasión, consideramos que é bo pagar e se hai con que facelo non hai porque agardar. Polo tanto, estaríamos de acordo nese recoñecemento extraxudicial por valor de 166.000 euros. Sen embargo, intentar agachar debaixo un suplemento a partidas do orzamento de 2012, orzamento que non fai tanto que se fixo, que son erros graves de planificación, como pode ser o caso do alumeado público e que, polo tanto, estamos suplementando gasto para o 2012 cando, como dicía, non fai tanto

*tempo que se aprobaron os orzamentos e había que facer unha previsión adecuada. No seu día o comentamos, como por exemplo pode ser no caso da gardería, que as dotacións que se recollían neses orzamentos non se correspondían coa realidade. Polo tanto, lamentamos que estes dous expedientes se estean tramitando de xeito conxunto porque pola nosa parte, este grupo estaría de acordo, como dixemos, en apoiar os 166.000 euros, en apoiar que se faga este recoñecemento para o seu pagamento pero, desde logo, que se suplementen partidas do 2012 a estas alturas do ano, por esta fórmula, non nos parece o máis axeitado e o correcto dende o goberno. Polo tanto o noso grupo vai absterse neste punto por considerar que isto debería ser tratado doutro xeito.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben. Moitas grazas, Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *A nós tamén nos parece unha maneira un tanto curiosa de presentar estes expedientes. No apartado un, aplicacións ou créditos extraordinarios non hai máis que referirnos ó informe de Intervención. Se ben estamos de acordo con que hai que pagar as débedas contraídas, si no punto un, gratificación do persoal funcionario policía local, referirse ó informe, nos apartados b) e c), xa son clarísimos. Despois no resto dos dous puntos que se levan, o outro día se falaba na comisión, o tema do bombeo, que hai algo no gasto eléctrico e no bombeo que non se sabía que pasaba. Non sei se xa ten claro o goberno que pasa co subministro eléctrico neste concello. E despois, tamén no punto dous, que é curioso que a seis meses de empezar o ano que xa haxa que solicitar 340.170 euros, o 63% dos cartos que se nos traen aquí, neste expediente. É unha mostra máis do ben feitos que estaban os orzamentos e do ben que planifica o goberno do Partido Popular da Estrada o seu traballo.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben, Señor Magariños. Ten a palabra o Señor Blanco.*

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** *Ben, penso que aquí o tema principal serían as partidas correspondentes ó subministro eléctrico. Nos orzamentos de 2012 lévanse cantidades superiores ás que se levaban no orzamento do 2011, que todos previamos que podía ser insuficiente dada a subida das tarifas eléctricas, por ese motivo se adoptaron unha serie de medidas entre as cales foi o apagado selectivo de puntos de luz, do que non se fala nada máis que para dicir que deixamos A Estrada a escuras, pero si está provocando un aforro, aforro que, por outra parte, non é suficiente debido á subida das tarifas eléctricas, facturas que foron dun importe máis elevado do previsto, como foi a da traída de auga do Liñares, por valor de 147.000 euros. Sabíamos que seguramente non ía a ser suficiente. Que facemos dotando agora con 300.000 euros suplementarios? Simplemente tratar de cubrir o que é o gasto real do subministro eléctrico deste concello. É dicir, tratar de axustarnos o máis posible á realidade. Repito, a cantidade que se leva no 2012 é superior ó que se viña facendo no 2011 e, por encima, acometendo medidas de aforro, medidas que esperemos saber en canto saen ó final de ano, pero que vamos a unha media de 9.000 euros ó mes. Iso que pasa co bombeo, o que preguntaba vostede Sr. Magariños, ese foi o motivo principal de que se dote con 300.000 euros. Esperemos que este ano, ó non ter ese gasto, que sexa suficiente esta cantidade que está dotada. En canto ó resto, paréceme lóxico, agradezo ós partidos da oposición o seu apoio á hora de cubrir o recoñecemento extraxudicial porque é obrigado do concello pagar ós seus provedores.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben Sr. Blanco, creo que quedou perfectamente aclarado. Non sei se hai algunha outra intervención? Eu, simplemente dicir, que hai dúas formas de xestionar un orzamento. Esperar, como pasou estes dous últimos anos, a que remate o ano e deixar facturas no caixón sen pagar, como por exemplo pode ser Fenosa, e despois pagar con remanentes de tesourería do ano seguinte; ou utilizar os remanentes de tesourería para suplementar os créditos deste exercicio e pagar as facturas cando as presenten os provedores. Son as dúas formas distintas de xestionar. Nós optamos polo plan B, por utilizar os fondos que temos, non gardalos senón utilízalos no propio exercicio para pagar as facturas dese propio exercicio. Creo que é a forma máis sensata e máis razoable de poder xestionar os fondos públicos e non ir aprazando, ter unha factura, ter unha previsión de*

*gasto insuficiente, pechar o exercicio e ó mes de setembro non ter cartos para pagarlle a Fenosa, deixar as facturas de setembro, outubro, novembro e decembro sen pagar a pagalas con cargo ó exercicio do ano seguinte. Iso era o que se viña facendo ata o de agora e nós apoiámos e decidimos incrementar ou suplementar as partidas presupostarias para facer un orzamento realista e non enganar con cifras irrealis, que despois nos xeren o que xeraron esas cifras irrealis no ano pasado e no ano anterior coas liquidacións de orzamento que todos coñecemos. Liquidacións negativas, orzamentos ó borde da quebra técnica e por encima non poder pagar as facturas ós provedores, ós que se lles deben os seus traballos. Polo tanto, nesa responsabilidade, eu creo que cada un ten que asumir o seu papel. Ata agora, independente dos debates políticos nesta casa, os suplementos de crédito e as modificacións de crédito, ó deberse a pago de facturas de servizos prestados, sempre levaron o apoio de tódolos grupos políticos. Tamén se verá cal é a responsabilidade de cada un, así que, procedemos a votar este punto deste expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito.*

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e dez abstencións (do BNG e do PSdeG-PSOE) o seguinte Acordo:

Incoado o expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito número 1/R/2012 financiado mediante baixas de crédito e con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais; ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, en aras de evitar un maior prexuízo aos acredores e sen danar os intereses do Concello,

Incoado mediante a mesma providencia o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2012, co obxecto de que o Pleno da Corporación aprobe unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias.

De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do R. Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990,

Visto o informe de Intervención de data 15 de xuño de 2012,

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Apróbase o expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/R/2012, modificación orzamentaria número 18/2012, financiado con baixas de crédito e Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITO)

APLICACIÓN N	DESCRIPCIÓN	IMPORTE / €
132.151.90	Gratificacións. Persoal func. Policía local	28.080,00
132.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Policía Local. Rec. Crédito	274,36

132.221.90	Material, subm. e outros. Policía Local. Rec. Crédito	654,15
134.214.90	Reparac. Material de transporte. Protec. Civil. Rec. Crédito	1.879,24
134.221.90	Material, sub. e outros. Protec. Civil. Rec. Crédito	47,32
151.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Urbanismo. Rec. Crédito	465,86
151.220.90	Material de oficina. Urbanismo. Rec. Crédito	180,00
151.221.90	Material, sub. e outros. Urbanismo. Rec. Crédito	57,00
151.223.90	Transportes. Urbanismo. Rec. Crédito	27,14
161.0.227.90	Traballos outras empresas. Rede sumidoiros. Rec. Crédito	81.292,05
161.1.221.90	Material, sub. e outros. Serv. Augas. Rec. Crédito	7,63
162.214.90	Reparac. Material de transporte. Recollida lixo. Rec. Crédito	139,95
162.227.90	Traballos outras empresas. Recollida lixo. Rec. Crédito	28.289,09
171.221.90	Material, sub. e outros. Parques e Xardíns. Rec. Crédito	40,00
230.0.221.90	Material, sub. e outros. Serv. Soc. Xerais. Rec. Crédito	43,80
241.0.203.90	Aluguer maquinaria e instalac. Obradoiro de emprego. Rec. Crédito	258,43
312.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Centros de Saúde. Rec. Crédito	383,49
320.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Educación Básica. Rec. Crédito	1.171,09
320.221.90	Material, sub. e outros. Educación Básica. Rec. Crédito	546,35
323.0.221.90	Material, sub. e outros. Gardería. Rec. Crédito	1,30
330.203.90	Aluguer maquinaria e instalac. Cultura. Rec. Crédito	531,00
330.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Cultura. Rec. Crédito	139,24
330.221.90	Material, sub. e outros. Cultura. Rec. Crédito	803,77
330.226.90	Gastos diversos. Cultura. Rec. Crédito	2.168,82
338.226.90	Gastos diversos. Festexos populares. Rec. Crédito	3.026,70
340.212.90	Reparac. Edificios e outras construcc. Deportes. Rec. Crédito	97,47
340.213.90	Reparac. Maquinaria, instalac. Deportes. Rec. Crédito	505,87
340.221.90	Material, sub. e outros. Deportes. Rec. Crédito	1.779,56
340.227.90	Traballos outras empresas. Deportes. Rec. Crédito	1.725,61
432.226.90	Gastos diversos. Turismo. Rec. Crédito	873,20
432.227.90	Traballos outras empresas. Turismo. Rec. Crédito	239,68
450.0.210.90	Reparac. Infraestructuras. Vías públicas. Rec. Crédito	2.920,00

450.0.213.90	Reparac. Maquinaria e instalac. Vías públicas. Rec. Crédito	141,34
450.0.221.90	Material, subm. e outros. Vías públicas. Rec. Crédito	1.961,07
912.226.90	Gastos diversos. Órganos Goberno. Rec. Crédito	1.171,17
912.233.90	Outras indemnizacións. Órganos Goberno. Rec. Crédito	360,60
920.0.220.90	Material de oficina. Ad. Xeral Rec. Crédito	1.028,35
920.0.221.90	Material, subm. e outros. Ad. Xeral Rec. Crédito	2,01
920.0.224.90	Primas de seguro. Ad. Xeral Rec. Crédito	2.743,98
920.0.226.90	Gastos diversos. Ad. Xeral. Rec. Crédito	564,38
TOTAL		166.622,07

### SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (RECOÑECEMENTO DE CRÉDITO)

APLICACIÓN N	DESCRIPCIÓN	IMPORTE / €
165.221.90	Recoñecemento de crédito. Enerxía eléctrica	94.177,11
TOTAL		94.177,11

### SUPLEMENTOS DE CRÉDITO QUE NON FINANCIAN RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

APLICACIÓN N	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
161.1.633.00	Inv. Reposic. Maquinaria e instalac. Serv. Augas	5.700,00
165.221.00	Subministrados. Enerxía eléctrica. Alumado Público.	300.000,00
231.0.226.10	Gastos diversos. Serv. Soc. xerais. Aloxamentos	500,00
323.0.227.06	Estudos e traballos técnicos. Gardería infantil	11.000,00
324.0.227.06	Estudos e traballos técnicos. Conservatorio de Música	1.180,00
450.0.610.00	Inv. Reposic. Proxectos. Vías Urbanas	20.000,00
920.0.623.00	Inv. Nova. Maquinaria e instalac. Admón Xeral	1.790,00
TOTAL		340.170,00

TOTAL.....600.969,18
----------------------

## II- FINANCIACIÓN:\_\_\_

### II.A) Remanente de Tesourería para gastos xerais:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	543.967,39€

TOTAL REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS	543.967,39 €
--	--------------

II.B) Baixas de crédito:

APLICACIÓ N	DESCRIPCIÓN	IMPORTE BAIXA / €
165.226.90	Recoñecemento de crédito. Area de gasto 1	31.111,28
231.1.226.90	Recoñecemento de crédito. Area de gasto 2	756,99
450.0.226.90	Recoñecemento de crédito. Area de gasto 4	25.133,52
TOTAL BAIXAS		57.001,79

TOTAL FINANCIACIÓN.....600.969,18 €

III)

RESUMO:

CONCEPTO	IMPORTE
1.-Total crédito extraordinario .....	166.622,07
Total suplemento .....	euros.
2.- Financiación:	434.347,11
a) Novos ingresos.....	euros.
b) Baixas por anulación.....	0
c) Remanente líquido tesourería.....	57.001,79 euros
	543.967,39 euros
3.- Financiación igual a habilitación.....	600.969,18 euros

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario e suplemento), que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, si durante o citado período non se presentaran reclamacións.

CUARTO: Levántanse os reparos formulados pola Intervención municipal.

QUINTO: Apróbase o expediente número 2/2012 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe global de **538.112,92 euros** (dos que 19.284,24 euros corresponden ao I.V.E de augas) a favor dos acredores e nas contías individualizadas relacionadas a continuación:

1.- FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS REALIZADOS EN EJERCICIOS ANTERIORES

APLICACIÓ	EMPRESA	C.I.F.	DESCRIPCIÓN	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE / €	R.I	BASE	IVA
-----------	---------	--------	-------------	------------	------	-------------	-----	------	-----



N								AUGAS	AUGAS
132.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	REPARACIÓN E LIMPEZA CALEFACCIÓN POLICIA	73/2011	11/11/2011	274,36	1241/2012		
132.221.9 0	PREFABRICADOS DALARIO, S.L.	B- 36002764	PECHADURA POLICIA LOCAL	11/002222	31/12/2011	20,00	13/2012		
134.214.9 0	ELECTRÓNICA Y COMUNICACIONES RICARSAT	B- 15902497	REPARACION EQUIPO COMUNICACIÓN VEHÍCULO PROTECCIÓN CIVIL	RS11 196	02/03/2011	1.879,24	636/2011		
151.212.9 0	BREA E BARCALA, S.L.	B- 36519601	PROGRAMADO R SALA PLENOS	A/113	28/11/2011	100,30	610/2012		
151.212.9 0	BREA E BARCALA, S.L.	B- 36519601	REPARACION FONTANERIA ARQUIVO E BIBLIOTECA	A/105	28/11/2011	327,80	611/2012		
151.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	REPARACION FONTANERIA CONCELLO	61/2011	28/10/2011	37,76	1236/2012		
151.220.9 0	INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	G- 15305923	BASE DE DATOS URBANISMO	2011/0168	20/10/2011	180,00	1390/2012		
151.223.9 0	JORGE RAMOS FIGUEIRAS	52470323 -D	PORTES URBANISMO	52395	31/12/2011	27,14	74/2012		
161.0.227. 90	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	XESTION EDAR E BOMBEO AUGAS RESIFUAIS A ESTRADA - AGOSTO 2011	203-554/11F	01/01/2012	16.258,41	149/2012		
161.0.227. 90	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	XESTION EDAR E BOMBEO AUGAS RESIFUAIS A ESTRADA - SETEMBRO 2011	203-555/11F	01/01/2012	16.258,41	150/2012		
161.0.227. 90	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	XESTION EDAR E BOMBEO AUGAS RESIFUAIS A ESTRADA - OUTUBRO 2011	203-556/11F	01/01/2012	16.258,41	151/2012		
161.0.227. 90	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	XESTION EDAR E BOMBEO AUGAS RESIFUAIS A ESTRADA - NOVEMBRO 2011	203-592/11F	01/01/2012	16.258,41	152/2012		
161.0.227. 90	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	XESTION EDAR E BOMBEO AUGAS RESIFUAIS A ESTRADA - DECEMBRO 2011	203-28/12F	22/01/2012	16.258,41	153/2012		
161.1.221. 90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B- 36002764	MATERIAIS DIVERSOS FONTANERIA	11/002225	31/12/2011	9,00	15/2012	7,63	1,37
162.214.9 0	ANTONIO MARQUE CARBÓN	76852041 -W	REPARACION VEHÍCULO LIXO	01/12/08	30/12/2011	139,95	68/2012		
162.227.9 0	SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.	A- 15379803	TRATAMENTO RESIDUOS URBANOS DECEMBRO 2011	2011/3299	31/12/2011	28.289,09	8/2012		
165.221.9 0	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B- 36002764	MATERIAIS DIVERSOS ALUMEADO	11/002223	31/12/2011	16,41	12/2012		
165.221.9 0	UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.	B- 82207275	FACTURACION ENERXIA	OUTUBRO 2011	31/12/2011	26.323,84	160/2012	2.183,66	393,06

			ELECTRICA CONCELLO OUTUBRO 2011						
165.221.9 0	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	A- 65067332	FACTURACIÓN ENERXÍA ELECTRICA CONCELLO OUTUBRO 2011	OUTUBRO 2011	31/12/20 11	56.357,97	163/201 2	813,60	146,45
165.221.9 0	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	A- 65067332	FACTURACIÓN ENERXÍA ELECTRICA CONCELLO NOVEMBRO 2011	NOVEMBRO 2011	31/12/20 11	41.188,90	335/201 2	246,67	44,40
165.221.9 0	UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.	B- 82207275	FACTURACIÓN ENERXÍA ELECTRICA CONCELLO DECEMBRO 2011	DECEMBRO 2011	27/02/20 12	25.011,05	554/201 2	3.073,45	553,22
165.221.9 0	UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.	B- 82207275	FACTURACION ENERXÍA ELECTRICA CONCELLO NOVEMBRO 2011	NOVEMBRO 2011	31/12/20 11	147.555,29	557/201 2	100.224, 06	18.040,3 3
165.221.9 0	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	A- 65067332	FACTURACION ENERXÍA ELECTRICA CONCELLO DECEMBRO 2011	DECEMBRO 2011	01/03/20 12	70.297,99	558/201 2	585,62	105,41
231.1.226. 90	CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	S1500072 -B	APORTACION ECONÓMICA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA (OUTUBRO A DECEMBRO 2011)	901	30/12/20 11	4.531,01	985/201 2		
241.0.203. 90	O HOME DO SACO, S.L.	B- 36541902	RECOLLIDA CONTEDORES- GUMIAREI (OBRADOIRO DE EMPREGO)	10/0603	30/09/20 10	130,03	867/201 2		
241.0.203. 90	O HOME DO SACO, S.L.	B- 36541902	RECOLLIDA CONTEDORES- ESCOLA SOMOZA (OBRADOIRO DE EMPREGO)	08/0629	12/12/20 08	128,40	868/201 2		
312.212.9 0	BREA E BARCALA, S.L.	B- 36519601	REPARACION FONTANERÍA CENTRO DE SAUDE DE VEA	A/107	28/11/20 11	383,49	594/201 2		
320.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	REPARACION FONTANERÍA COLEXIO DE OCA	58/2011	28/10/20 11	695,73	1235/20 12		
320.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	REPARACIÓN FONTANERÍA PABELLÓN COLEXIO FIGUEROA, LIMPEZA E POSTA EN MARCHA DE CALEFACCIÓN	69/2011	11/11/20 11	248,39	1237/20 12		
320.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	LIMPEZA E POSTA EN MARCHA CALEFACCIÓN COLEXIO FOXO	70/2011	11/11/20 11	70,80	1238/20 12		
320.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	LIMPEZA E POSTA EN MARCHA	71/2011	11/11/20 11	85,37	1239/20 12		

			CALEFACCIÓN COLEXIO JOSÉ ANTONIO						
320.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	LIMPEZA E POSTA EN MARCHA CALEFACCIÓN COLEXIO PEREZ VIONDI	72/2011	11/11/2011	70,80	1240/2012		
320.221.9 0	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B- 36002764	MATERIAIS DIVERSOS COLEXIO CABADA VÁZQUEZ	11/002224	31/12/2011	11,51	14/2012		
320.221.9 0	Mª DEL PILAR BATÁN GARCÍA	76858742 -X	MATERIAIS DIVERSOS COLEXIO O FOXO	11230	30/12/2011	294,21	45/2012		
320.221.9 0	Mª DEL PILAR BATÁN GARCÍA	76858742 -X	MATERIAIS DIVERSOS COLEXIO O FOXO	11231	30/12/2011	206,23	46/2012		
323.0.221.90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B- -36002764	TOPE PORTA GARDERÍA MUNICIPAL	11/002227	31/12/2011	1,30	16/2012		
330.203.9 0	ESPECTÁCULOS CHAPIN, S.L.	B- 36245710	ALUGUER DUN ESCENARIO CARPA PARA O FESTIVAL ABRENTE DE O FOXO O DÍA 15/10/11	26/2011	18/10/2011	531,00	121/2012		
330.212.9 0	INSTALACIONES LAGOS, S.L.	B- 36226991	REPARACIONS FONTANERÍA BIBLIOTECA	53/2011	28/10/2011	139,24	1234/2012		
330.221.9 0	REDES DE TELECOMUNICACION GALEGAS RETEGAL S.A.	A- 15643687	CUSTES DE ENERXIA E PARTE PROPORCONAL DE MANTEMENTO DE LIÑA (NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2011)	201112063	30/12/2011	776,03	3/2012		
330.221.9 0	FORM E INV. EN TÉCNICAS DECORATIVAS S.L.	B- 94004991	MATERIAIS RECOLLIDOS PARA CULTURA	A/108	30/12/2011	27,74	123/2012		
330.226.9 0	MADERAS CAJARAVILLE, S.L.	B- 15021991	TABLA CABALGATA DE REIS	348	31/12/2011	22,63	6/2012		
330.226.9 0	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B- 36002764	PUNTAS CABALGATA DE REIS	11/002228	31/12/2011	4,00	17/2012		
330.226.9 0	HIERROS DIEGO, S.L.	B- 36033330	MATERIAIS DIVERSOS CABALGATA DE REIS	D00272	27/12/2011	16,51	26/2012		
330.226.9 0	HIERROS DIEGO, S.L.	B- 36033330	MATERIAIS DIVERSOS CABALGATA DE REIS	D00275	27/12/2011	99,83	28/2012		
330.226.9 0	CARAMUXO TEATRO, S.C.	J- 70100490	ACTUACION O 28 DECEMBRO DE 2011 CO ESPECTÁCULO "ZAPATOS", DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS 2011	66	30/12/2011	585,00	44/2012		
330.226.9 0	GONZALEZ OTERO, ALFREDO	76824948 -A	MATERIAL PARA A IGREXA (XOGUETES DÍA DE REIS)	20078	31/12/2011	60,00	103/2012		

330.226.9 0	TALÍA TEATRO	B- 70123567	ACTUACION O 18 DE ABRIL DE 2011, "E TI QUE VES SENDO"	61/2009	02/06/20 09	106,85	549/201 2		
330.226.9 0	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	A- 15000391	PUBLICIDADE ENTROIDO 2011	P 101.574	15/03/20 11	354,00	830/201 2		
338.226.9 0	GALISEC, S.L.U.	B- 36196335	MATERIAL DIVERSO. FESTAS SAN PAIO	VFH1100292	31/07/20 11	2.680,96	2793/20 11		
338.226.9 0	COPISTRADA	B- 36486967	TRIPTICOS E CARTEIS SAN MARTIÑO	1100817	07/11/20 11	239,54	42/2012		
338.226.9 0	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	A- 15000649	PUBLICIDADE FEIRA CABALAR SAN MARTIÑO	P11/19762	30/11/20 11	106,20	120/201 2		
340.212.9 0	BREA E BARCALA, S.L.	B- 36519601	REPARACION FONTANERÍA PABELLON COTO FERREIRO	A/110	28/11/20 11	97,47	595/201 2		
340.213.9 0	JOSÉ GARCÍA PERNAS	76477113 -C	MATERIAIS DIVERSOS CAMPO DE FUTBOL OS CASARES (LOJMIL)	74	23/11/20 10	454,67	3179/20 11		
340.213.9 0	FORM.E INV.EN TÉCNICAS DECORATIVAS, S.L.	B- 94004991	PINTURA CAMPO DE FUTBOL DA BAYUCA	A/101	05/12/20 11	51,20	442/201 2		
340.221.9 0	GALISEC, S.L.U.	B- 36196335	MATERIAL DIVERSO. DEPORTES	VFH1100294	31/07/20 11	1.619,43	2795/20 11		
340.221.9 0	CRISTRALERÍA DURÁN, C.B.	E- 36032456	MATERIAIS DIVERSOS CAMPO DE FUTBOL DE FIGUEROA	A01295/11	31/12/20 11	101,48	7/2012		
340.221.9 0	FERRETERÍA TORRES CAEIRO, S.L.	B- 36471100	MATERIAIS DIVERSOS DEPORTES	A/278	30/11/20 11	56,17	9/2012		
340.221.9 0	FORM.E INV.EN TÉCNICAS DECORATIVAS, S.L.	B- 94004991	CINTA SIFA AZUL PARA DEPORTES	A/105	29/12/20 11	2,48	443/201 2		
340.227.9 0	CLUB CICLISTA ESTRADENSE	G- 36235935	ESCOLA CICLISMO DECEMBRO 2011	01/12/11	31/12/20 11	150,00	29/2012		
340.227.9 0	AQUAGEST PROMOCION TECNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA	B- 28220606	CONTROL ANALÍTICO DA PISCINA ANO 2011	203-659/11F	28/12/20 11	955,61	154/201 2		
340.227.9 0	LAPIDOSPORT, S.L.	B- 70149455	ESCOLA MUNICIPAL DE TENIS XUÑO 2011	09/11/12	26/05/20 11	620,00	539/201 2		
432.226.9 0	ASOCIACION VIADAZAOITO COMUNICACIÓN	G- 32358293	INSERCIÓN PUBLICITARIA TURISMO	024/2011	29/08/20 11	395,30	826/201 2		
432.226.9 0	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.	A- 36643674	INSERCIÓN PUBLICITARIA TURISMO	PU2011 - 3575	30/09/20 11	477,90	812/201 2		
432.227.9 0	ZARDOYA OTIS, S.A.	A- 28011153	SERVIZO MANTEMENTO ASCENSOR ALBERGUE SABUCEDO DO 1-12-11 Ó 31- 12-11	9WA2206 M	31/12/20 11	239,68	1/2012		
450.0.210. 90	MARBÉ HISPANIA, S.L.	B- 36364474	HORMIGÓN OBRA SAN	A/10.862	30/06/20 11	175,15	2240/20 11		

			ANDRÉS DE VEA						
450.0.210.90	MARBE HISPANIA, S.L.	B-36364474	HORMIGON OBRA NOVO MERCADO	A/11.203	31/12/2011	481,64	5/2012		
450.0.210.90	HIERROS DIEGO, S.L.	B-36033330	MATERIAIS DIVERSOS OBRA NOVO MERCADO	D00273	27/12/2011	13,63	27/2012		
450.0.210.90	AREAS ESTRADA, S.L.	B-36231223	AREA VIAS PÚBLICAS	110-11	31/12/2011	123,90	31/2012		
450.0.210.90	TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.	B-36193605	MATERIAIS SERVIDOS EN SOLO URBAN DECEMBRO 2011	174/11	31/12/2011	840,68	32/2012		
450.0.210.90	TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L.	B-36193605	MATERIAIS SERVIDOS EN SOLO RURAL DECEMBRO 2011	175/11	31/12/2011	1.187,32	33/2012		
450.0.210.90	GRA.PE.MAR. S.L.	B-36226983	PEDRA E FLAMEADO VIAS PÚBLICAS	143	23/12/2011	97,68	102/212		
450.0.213.90	TECMAGA, S.L.	B-15714439	MATERIAL REPARACIÓN PALA FIAT KOBELCO VIAS PÚBLICAS	11/0000544	31/12/2011	109,83	4/2012		
450.0.213.90	HIERROS DIEGO, S.L.	B-36033330	MATERIAIS DIVERSOS PALA FIAT	D00227	16/12/2011	31,51	24/2012		
450.0.221.90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B-36002764	MATERIAIS PORTAL NAVE GANADO	11/002221	31/12/2011	18,94	11/2012		
450.0.221.90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B-36002764	MATERIAIS DIVERSOS VIAS PÚBLICAS	11/002229	31/12/2011	33,12	18/2012		
450.0.221.90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B-36002764	MATERIAIS DIVERSOS VIAS PÚBLICAS	D1/002438	31/12/2011	1.227,87	19/2012		
450.0.221.90	HIERROS DIEGO, S.L.	B-36033330	MATERIAIS DIVERSOS VIAS PÚBLICAS	D00270	27/12/2011	117,81	25/2012		
450.0.221.90	SOLUCIONES TECNICAS NCH ESPAÑOLA, S.L.	B-28984094	MATERIAIS DIVERSOS VIAS PÚBLICAS	MP 056320	17/11/2011	563,33	525/2012		
912.226.90	FARO DE VIGO, S.A.U.	A-36600815	PUBLICIDADE APROBACIÓN BASES SUBVENCIONS PROMOCIÓN ECONOMICA	0005966	31/12/2011	70,80	124/2012		
912.226.90	FARO DE VIGO, S.A.U.	A-36600815	FELICITACIÓN NADAL	0005967	31/12/2011	248,33	125/2012		
912.226.90	FARO DE VIGO, S.A.U.	A-36600815	SAUDA DO ALCALDE	0002191	13/05/2011	446,04	296/2012		
912.226.90	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	A-15000649	SAUDA DO ALCALDE	P10/5699	30/04/2010	406,00	871/2012		
920.0.220.90	FOTOGRAFIA Y TIENDAS BERNABE, S.L.	B-36135549	PILAS	A/145	04/06/2011	17,95	1879/2011		
920.0.220.90	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	A83052407	SERVIZOS POSTAIS DECEMBRO 2011	400084974	31/12/2011	1.010,40	23/2012		
920.0.221.90	PREFABRICADOS DALARJO, S.L.	B-36002764	CUELGA FACIL OFICINAS MUNICIPALES	11/002226	31/12/2011	2,01	10/2012		
920.0.224.90	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE MAZ SEGURIDAD LABORAL, S.L.	B-99083404	SERVIZO DE PREVENCIÓN SETEMBRO/2009	SP9-207764	30/11/2009	1.588,47	4301/2009		
920.0.224.90	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE MAZ SEGURIDAD	B-99083404	SERVIZO DE PREVENCIÓN OUTUBRO/200	SP9-226689	31/12/2009	724,59	4790/2009		

	LABORAL, S.L.		9						
920.0.224.90	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE MAZ SEGURIDAD LABORAL, S.L.	B-99083404	SERVIZO DE PREVENCIÓN DECEMBRO/2011	SP1-186363	31/12/2011	430,92	2/2012		
920.0.226.90	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	A-15000649	ANUNCIO CONTRATACIÓN AUX. ADMINISTRATIVO	P11/19761	30/11/2011	223,02	161/2012		
920.0.226.90	BIBIANA FLORES Y RODRIGUEZ	32414249-G	HONORARIOS RECURSO APELACIÓN Nº 2/4587/2010-cc	2011/16	14/07/2011	170,68	2504/2011		
920.0.226.90	BIBIANA FLORES Y RODRIGUEZ	32414249-G	HONORARIOS RECURSO APELACIÓN Nº 2/4186/2011	2011/17	14/07/2011	170,68	2505/2011		
320.221.90	SERVICIOS PUENTE LIÑARES, S.L.	B-36170389	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	E1-3483	31/12/2011	34,40	43/2012		
134.221.90						47,32			
151.221.90						57,00			
132.221.90						634,15			
171.221.90						40,00			
165.221.90						207,02			
230.0.221.90						43,80			
<b>TOTAL</b>						<b>508.752,32</b>			<b>19.284,24</b>

## 2. INDEMNIZACIONES POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E SESIONES

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	DATA	IMPORTE / €
912.233.90	Mesa local de comercio	Nemesio Rey Pazos	08/09/2011	72,12
912.233.90	Mesa local de comercio	José Magariños Maceiras	08/09/2011	72,12
912.233.90	Mesa local de comercio	Montserrat Msaceiras Vicente	08/09/2011	72,12
912.233.90	Consello escolar C.E.I.P. O Foxo	Ismael Pena Villamor	5/11/2011 7/11/2011	144,24
<b>TOTAL</b>				<b>360,60</b>

## 3. ASISTENCIAS XURADO XV PREMIO POESÍA AVELINA VALLADARES (I.R.P.F.)

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	DATA	IMPORTE / €
330.226.90	Minuta xurado XV Premio Avelida Valladares 2011	Carlos Loureiro Rodríguez (76.858.224 K)	10/05/2011	230,00
330.226.90	Minuta xurado XV Premio Avelida Valladares 2011	María de los Dolores Araujo Arias (35.389.796 H)	10/05/2011	230,00
330.226.90	Minuta xurado XV Premio Avelida Valladares 2011	Juan Andrés Fernández Castro (35.417.048 S)	10/05/2011	230,00
330.226.90	Minuta xurado XV Premio Avelida Valladares 2011	Andrea Porto Mato (76.872.513 G)	10/05/2011	230,00

	Valladares 2011		
<u>TOTAL</u>			<u>920,00</u>

#### 4.- RETRIBUCIÓNS COMPENSATORIAS Á POLICÍA LOCAL

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	IMPORTE / €
132.151.90	Ano 2011	Coto Cabana, José Luis	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Magariños Camino, Luis	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Sanmartín Fernández, José Manuel	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Cardona Constenla, Rafael Manuel	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Quinteiro Torres, Francisco	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Álvarez Vázquez, José Antonio	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Rey García, José Luis	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Castro Bernárdez, Raul	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	García Rosende, Ventura	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	García Calvo, Javier	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Rodríguez Chao, Roberto	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Loureiro Rey, José Luis	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Loureiro Carbón, José Enrique	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Campos Villaverde, Santiago	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Gómez Crespo, Pablo	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Fernández Bascuas, Aurelio	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	Miguéns Magariños, Javier	1.560,00
132.151.90	Ano 2011	López Louro, José	1.560,00
<u>TOTAL</u>			<u>28.080,00</u>

*Sr. Alcalde: Non sei se hai algunha moción de urxencia antes de pasar á parte de control da xestión, ten a palabra Sra. Louzao.*

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

##### A) MOCIÓN DO GRUPO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á RETIRADA DO DECRETO E NOVA ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DO CANON DA AUGA E DO COEFICIENTE DE VERTEDURA A SISTEMA PÚBLICOS DE DEPURACIÓN DE AUGAS

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Como xa é coñecido por este concello, posto que a pasamos por rexistro, este grupo municipal desexa presentar hoxe aquí, nesta corporación municipal, unha moción por urxencia, unha moción que atende á situación actual de crise que están a vivir as familias. Ante esta situación de crise, na que están tendo cada vez máis problemas para chegar a fin de mes, na que as familias están a ter auténticas dificultades, (familias con nenos, familias con maiores dependentes, todas están a sufrir o que está a acontecer coa actual situación de crise). A actual situación de crise na que, coas medidas de aforro que se están a impoñer dende os distintos gobernos, desde o municipal ata o estatal, as familias están vendo máis agravada a súa situación económica, posto que se están a engadir novos impostos. Novos impostos como son o imposto que plantexa a Xunta de Galicia do canon da auga, que incorpora 168.000 vivendas a pagar que antes non tiñan que*

facelo e que vai a supoñer que veciños e veciñas teñan que pagar pola auga que ata o de agora non o facían. Veciños e veciñas que, na maioría dos casos, como pode ser o caso das traídas veciñais, traballaron, conseguiron e fixeron esas captacións, as levaron ós seus fogares e fan os seus mantementos. Polo tanto, como todos sabemos, publicouse unha Lei de Augas, Lei de Augas que recentemente se desenvolveu co Decreto que se publicou o día 22, Decreto no que se di que entra en vigor o día 1 do mes de xullo o imposto do canon da auga e a taxa de coeficiente de vertido; imposto do canon da auga que vai supoñer que se pagará a auga máis cara que por exemplo en Andalucía ou que algún dos sitios nos que hai unha desalgadora. Polo tanto, dende o noso grupo, propoñemos unha moción instando a paralizar este Decreto e elaborar un novo Decreto que cumpra realmente coa directiva marco da Unión Europea, que fala dun uso sostible e non soamente dunha mera recadación a través de impostos ós veciños, non gravar ós veciños por gravalos, senón facer un uso sostible da auga. Polo tanto, o que pedimos é a retirada deste Decreto e solicitamos o acordo do resto dos grupos da corporación para que este Decreto se pare e os nosos veciños do rural, veciños que están a usar a auga que, en moitos dos casos como dicía, eles mesmos fixeron as captacións e están a facer o mantemento, van a ver a súa economía gravada con este novo imposto. Polo tanto pedimos, presentamos esta moción hoxe, con esta urxencia, coa de non facer máis difícil a situación ós veciños e ás veciñas posto que entraría en vigor este día.

*Sr. Alcalde:* Sabe vostede que, independentemente do acordo que tomemos aquí, esa orde entrou en vigor xa, polo tanto, sabe tamén vostede perfectamente que procuramos manter os cauces regulamentarios de tódalas iniciativas que se presenten. Creo que ó entender deste grupo municipal non procede a urxencia nin o debate da urxencia e polo tanto manifestamos o noso voto pero procedemos a votar a urxencia e en todo caso, posteriormente entraremos no fondo da cuestión. Votos en contra da urxencia.... Non hai debate, estamos falando da urxencia da súa moción e polo tanto se el (referíndose ó Sr. Magariños) quere presentar outra moción. Estamos no momento de debater a urxencia da moción, evidentemente, da urxencia da moción que presentan vostedes non.

*Sr. Espiño:* Non sabemos o que vai dicir.

*Sr. Alcalde:* Señor Espiño, pero seino eu. O que está claro é que vostedes presentan unha moción de urxencia e temos que votar a urxencia para despois entrar no fondo da cuestión. Se eles queren presentar outra moción que o fagan, que é o trámite correspondente.

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto, sendo rexeitada por once votos en contra (do PP) e dez votos a favor (do PSdeG-PSOE e do BNG)

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**3º.-DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 522 DE 11 DE XUÑO DE 2012. APROBANDO A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011.** Dáse conta ao Pleno da Corporación do Decreto nº 522 de 11 de xuño de 2012, aprobando a liquidación do orzamento 2011

**4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2012. ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 31 de maio de 2012.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**



**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Ben, pois un pouco sorprendidos, vamos a facer unha pregunta. Como dicía vostede, dábasenos conta este pleno, porque así é preceptivo legalmente da liquidación do orzamento de 2011, liquidación dun orzamento positiva en máis de 500.000 euros e cun remanente de tesourería de máis de 1.100.000 euros. Un orzamento no que vostede dicía fai un momento que o seu xeito de xestionar era que na situación de crise non esperar á quebra. Home, o orzamento pasado cun millón de euros de tesourería de remanente, en quebra, moito non debería de estar, pero bueno, ese é outro tema. E vamos a seguir preguntando por temas económicos que veñen moi afíns a este pleno. Queríamos saber se o goberno municipal ten pensado acollerse á ampliación que se pode facer para o período de reintegro das liquidacións negativas ao Estado de 2008-2009?

**Sr. Alcalde:** En principio e con tódalas reservas, non.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Perfecto, era simplemente para informar porque non sabíamos. En principio, bueno, pois ben, agardamos que se non se cumpre o "principio", como ben apuntilla vostede, que se nos informe e se nos dea traslado, posto que é un tema de calado importante para o concello da Estrada. Xa, entendendo que hoxe hai quen ten que saír hacia outros actos, vamos a facer unha pregunta que nos trasladan desde Santeles os veciños, que nos piden que lle preguntemos ó goberno municipal se coñece o estado das pistas que van de Arxóns a Pearo e de Fondevila a Renda, por que segundo eles aseguran, no PPC debería haberse feito unha obra que non se chegou a facer; entón, que lle preguntemos ó goberno municipal se coñece cal é o estado desas pistas e se realmente se van a facer esas melloras que había aprobadas como unha mellora ó PPC ou non. Non sei se vostede ten coñecemento, nos lo trasladan así correndo.

**Sr. Alcalde:** Non, non teño coñecemento dese tema e, en todo caso, se lle contestará debidamente porque non coñezo concretamente eses dous casos pero se mirará e se lle contestará.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Ese era o noso rogo a continuación, porque efectivamente era difícil sabelo así. Rogamos que se nos traslade información ó respecto, do arranxo que había previsto para esas pistas en Santeles. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Ten a palabra, Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Trasládannos aquí un rogo os veciños de Remesar que parece ser que as luces do entorno da igrexa levan dúas semanas acesas, supoñemos que é por cuestión dunha avaría, entón que se proceda a apagalalas, a reparar estes puntos de luz, porque se estamos aforrando por un lado e gastando por outro, pois non ten moito sentido. Outro é que se proceda á limpeza da sinalización do casco urbano que dan pena como están. Pero bueno tamén pode ser motivadas pola falta de mantemento de anos anteriores, como todo neste concello.

E o terceiro rogo, que se proceda á limpeza das áreas recreativas da praia fluvial e de Barcala, que está nun estado lamentable que tamén pode ser motivado pola falta de mantemento de anos anteriores.

E no que respecta ás preguntas, teño un par de elas. A primeira, ¿que facturas son ás que se refire o informe de intervención que están sen contabilizar e que polo tanto non entra no cálculo do remanente?. No informe de tesourería que se nos presentou fala dunha serie de facturas que están sen contabilizar porque entraron fora, saber que facturas son. Na páxina 22 do informe de intervención, da situación de facturas que quedaron pendentes de exercicios anteriores, a imputación do exercicio correspondente non se levou a cabo ou ben porque as facturas tiveron entrada con posterioridade do peche do exercicio orzamentario ou ben porque as normas carecían de crédito suficiente para a súa correcta imputación orzamentaria, o que constitúe un acto nulo de pleno dereito, o cal co remanente de tesourería pasaría a pormenorizar os datos extraídos da contabilidade co importe total das

*citadas facturas pendentes de contabilizar. Que facturas son? Entón, fágolle o rogo que se nos facilite esta relación de facturas.*

**Sr. Alcalde:** *Comentábame aquí o Concelleiro de Facenda que máis ou menos e coas cautelas oportunas, son facturas que, unha vez que se pecha o exercicio 2011, unha vez que está pechado, entran no ano 2012, co exercicio pechado do 2011 xa pechado, que xa non se poden contabilizar a ese ano e entran despois coa aprobación do orzamento pero veñen, sabe vostede que no orzamento deste ano 2012, levabamos 560.000 de recoñecemento extraxudicial, unha parte importante dese recoñecemento extraxudicial xa se pagou para non ir ó plan de rescate das administracións locais, ó plan financeiro, e outra parte se queda para pagar facturas pendentes, outros aproximadamente 250.000 euros para pagar facturas pendentes que xa se pagan este ano do 2011 con cargo ós orzamentos do 2012; pero hai unha serie de facturas a maiores que chegan pechado o orzamento do 2011 e feito xa o orzamento do ano 2012 con cargo ó presupuesto 2011. Polo tanto aí quedan nesa situación que se produce habitualmente e son facturas que se incorporan despois obrigatoriamente, no caso de que haxa remanente de crédito, obrigatoriamente se incorporan ó remanente para facer ese pago, no caso de que exista ese remanente positivo. Ese é o caso desas facturas en todo caso, non temos a relación pero lla podemos dar.*

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** *Pero bueno, en todo caso están incluídas na relación de facturas que forman parte do recoñecemento extraxudicial, simplemente sería sinalar e seguramente se miramos pola fecha xa sabemos, son as últimas, pero bueno se quere se sinalan cales son e se lle dan. Aí xa están incluídas.*

**Sr. Alcalde:** *Esa relación de facturas xa aparece, as que non estarían no recoñecemento extraxudicial que ía nos orzamentos 2012, estarían aquí; as que non están aí pero si chegaron antes da aprobación do orzamento e as que chegaron posteriormente ó orzamento tamén se incorporan neste recoñecemento extraxudicial que son as que van nesta relación que se acompaña ó expediente.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Outra pregunta, en que se gastou o crédito ICO? Porque aquí figura, creo que son 281.000 euros que quedan, figuran como contabilizados como pagos, algo menos da metade, pero figuran como ingresos o importe total dos quinientos e algo mil euros deste crédito ICO. ¿Que se pagou cos outros cartos? Porque nos informes non figuran en ningún lado os pagos, e si figura como ingresos (aquí está). Figura como pagos 278.153, co cal, aparecen aquí 281.736,95 que non figuran como gastos en ningún lado, sen embargo, si figuran como, digamos, ingresos, dereitos recoñecidos o total do crédito ICO. ¿Que pasou con eses 281.736,95?*

**Sr. Alcalde:** *Non sei a que se refire, se é o préstamo ICO que se solicitou no mes de setembro ou é ...*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Si é do préstamo ICO que se celebrou no mes de setembro.*

**Sr. Alcalde:** *Porque as cifras me coinciden máis co recoñecemento extraxudicial...*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Non, non, o crédito ICO do mes de setembro.*

**Sr. Alcalde:** *Como vostede ben sabe, no préstamo ICO había unha limitación, unha limitación máxima de importe que era en función da participación de tributos do Estado, creo recordar que non se podía solicitar máis do 25% da participación de tributos do ano anterior. O límite máximo ó que podía acudir o Concello da Estrada eran 700.000; ó final decidimos ir a un préstamo de en torno a 630 ou 640.000 euros, que se formalizou e sabe vostede que ese tipo de préstamos se formaliza contra facturas, o sea, nós non recibimos, como sabe vostede, ese diñeiro; ese diñeiro é unha liña de crédito que se formaliza cunha entidade financeira a onde se vinculan unha serie de pagos pendentes por parte da*

administración, neste caso o Concello da Estrada e é o propio Ministerio o que fai a liquidación, non chega a facer nin sequera o abono en conta, senón que fai a liquidación desas facturas, nas que hai que remitirlle unha factura orixinal e un certificado bancario para que o propio Ministerio faga o pago a eses provedores. Polo tanto, supoño que saberá vostede que eses cartos non pasan en ningún caso por ningunha das contas deste concello, senón que ese préstamo, como dicía antes, se formaliza no momento que se paga, se vai dispoñendo, a entidade financeira vai dispoñendo a parte proporcional e se vai facendo o pago automático a tódolos provedores. De aí foi de onde conseguimos pagar aproximadamente un terzo das facturas pendentes que nos encontramos cando chegamos ó goberno. Aproximadamente 1.800.000 euros en facturas, dos cales 600.000... Ee me gusta ademais que se abra este debate porque parece que pouco a pouco van collendo a letra da canción, custoulle entender a letra da canción pero agora vana entendendo, xa van sabendo de onde vai saíndo ese diñeiro que vostedes din que non quedou en ningún sitio, esas facturas que din que non aparecían por ningún lado, pero os préstamos non se pediron porque si, pedíronse para pagar, eses 600.000 euros pedíronse para pagar facturas pendentes que deixou o goberno anterior, outros 600.000 euros se pagaron cun recoñecemento extraxudicial no mes de decembro con cargo ó orzamento 2011 e outros 600.000 se pagan cun recoñecemento extraxudicial con cargo ós orzamentos do 2012, 6 mais 6 mais 6 son 1.800.000 euros que é o importe das facturas pendentes que o goberno anterior nos deixou en herencia a este goberno para xestionar. Con moita sorte e con moita xestión fomos capaces de poñelas ó día, e hoxe o concello ten unha situación máis ou menos saneada cuns listados de morosidade e uns prazos de pago axeitados a unha administración como debe ser, eficiente, e sobre todo que pague ós seus provedores, que é un pouco o motivo que nos leva a facer este recoñecemento extraxudicial para pagar facturas do 2011 e este suplemento de partidas do 2012 para poder pagarlle ós provedores no momento que presten o servizo ó concello. Esa é a filosofía e a min me agrada moito que pouco a pouco vaian collendo a letra da canción porque van entendendo xa un pouco por onde van os tiros, como quedou a situación desta casa e os esforzos que temos que facer para poñela un pouco e encamiñala despois de collela nunha situación límite ó borde da quebra.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Non, se eu iso non llo discuto pero, simplemente no apartado 12-4 do informe de intervención onde pon, créditos extraordinarios e suplementos de crédito, aquí figura unha relación de pagos por un importe total de 278.153,58 euros, pero non figura en ningún momento os 281.736,95 que faltan, que se incrementa no balance positivo porque figura como ingresos; neste informe non o vexo. Ó mellor é que non o vin ben, perdón.

**Sr. Alcalde:** Sr. Magariños, eu sigo dicindo, non quero equivocarme, pero creo que vostede non está falando do préstamo ICO. Eu creo que vostede está falando, polas cantidades, e llo volvo a dicir outra vez, do importe do recoñecemento extraxudicial que ía incorporado no orzamento do 2012 que llo dixen antes. Os case 300.000 euros se pagaron para non ter que solicitar o plan financeiro das Administracións Locais, para non ter que recorrer, para poder certificar que a débeda cos provedores era cero cando nolo pediu o Ministerio. E os outros 240 ou 250.000 euros son recoñecementos extraxudiciais que, aínda que figuran no orzamento, se van a incorporar con este recoñecemento e se van a pagar facturas do 2011. Eu creo que está vostede falando desa cantidade, e esa cantidade efectivamente é así. Un porcentaxe se pagou no mes de marzo para poder liquidar con tódolos provedores e deixar o saldo a cero, porque eran facturas que había que liquidar antes de que entrara en vigor o Decreto do plan de saneamento das Administracións Locais e o resto da cantidade había que deixala reflexada no orzamento pero non era preciso pagala. E é a que se está pagando agora que son débedas con provedores anteriores, pero non ten nada que ver co préstamo ICO, é o recoñecemento extraxudicial de obrigas que ía incorporado no orzamento 2012, para pagar eses 600.000 euros de facturas que nos quedaron ó lombo do goberno anterior, que é o que lle estou explicando eu.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Bueno, pero o préstamo ICO foi ou non foi por 551.890,53? Foi; entón aquí hai algo que está mal no informe de intervención "Detalle do

calculo de carga financeira anual, ultimo tipo de interés 2011, préstamo ICO 2011, importe consolidado concertado 559.890,53 euros, tipo de interés ó 6,5%, duración anos tres, trimestre 52.850, 27, anualidade 211.401,06. Situación de ingresos, orzamento do exercicio corrente, modificacións 278.153,58, previsión definitiva a mesma cantidade, dereitos recoñecidos, exceso de previsión 281.736,95". Eu solo me refiro ós datos que teño aquí.

**Sr. Alcalde:** Sr. Magariños, descoñezo. Vostede está falando, non está falando do recoñecemento extraxudicial, está falando da liquidación do exercicio, da dación de contas da liquidación.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Que se fixo co préstamo ICO que se solicitou? Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Pagar, pagar facturas.

**Sr. Magariños Maceiras do BNG:** Bueno, que facturas se pagaron?

**Sr. Alcalde:** Home, pois todas. As ten vostede porque aprobou vostede o expediente en pleno, aprobouse en pleno, non o aprobou este goberno. Ten vostede o expediente, no mes de setembro creo recordar, setembro ou outubro, que veu a sesión plenaria a relación de tódalas facturas incorporadas para pagar con cargo ó préstamo ICO. Tenas todas vostede, aparte vostede participou nese pleno e vostede votou en contra nese pleno, dese préstamo ICO, o sea que ten que saber vostede cales son as facturas e se non a ten, non se preocupe que nós lle damos unha relación. Agora, en relación ó préstamo ICO, llo volvo a repetir outra vez, ese diñeiro se pide contra facturas, contra facturas comprometidas, precisamente e curiosamente no primeiro semestre do ano 2011, que casualidade, será culpa deste goberno tamén, no primeiro semestre do 2011, o ICO foi todo para pagar facturas desas. Supoño que se non é vostede, os seus socios de goberno naquel momento lle poderán explicar que tipo de empresas, que facturas se pagaron, algunhas curiosas, precisamente. Pero si foi para pagar ese tipo de facturas e ten vostede a relación no expediente que trouxo a causa desa solicitude dese préstamo; ten vostede a relación de tódalas facturas e foi a entidade financeira coa que se formalizou a operación a que xá lle digo pagou ó Ministerio de Facenda directamente, a través de esa entidade financeira, a todos eses provedores que se incorporaron nesa lista, nesa relación de debedores do concello da Estrada a esa data, ata o límite que nos permitía desde logo o propio Decreto que establecía un límite máximo do 25% dos ingresos e tributos do Estado.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Moi ben. Outra pregunta: por que non se eliminan os ingresos pendentes de cobro dos presupostos que corresponden a transferencias doutras administracións e que son de difícil cobro, como reflexa o informe?

**Sr. Alcalde:** Como ben sabe vostede, a ese nivel o que fai este goberno é seguir as directrices que marca a intervención municipal. Entendo que iso será unha práctica habitual que se viña facendo durante moitos anos neste concello e o lóxico é que queden reflexados aí aínda que sexan créditos ou ingresos de dubidoso cobro. De todas formas, o consultaremos con intervención pero, entendemos, como di o concelleiro de facenda, que teñen que figurar no plan contable e que teñen que figurar para saber cales son tanto os dereitos pendentes de cobro como as obrigacións pendentes de pago que non figuran aí que, por motivos determinados, igual que calquera certificación que non se faga cargo unha empresa por calquera motivo, deben seguir figurando no orzamento porque é unha débeda a futuro que ten a administración. Entendo que é un motivo contable, exclusivamente.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Do mesmo xeito que se eliminan débedas a particulares e de moi difícil cobro, cantidades que veñen do ano 2000, que veñen do ano 2001 é creo que hai algunha anterior a estas datas, co cal que se retiren para os próximos informes de contas de resultados; senón, así todo sale moi bonito.

*A última pregunta, que me xurdiu a raíz do pleno porque me sorprendeu a dilixencia con que vai actuar Fenosa a partir de agora porque, polo que entendo, parece ser que a partir de agora Fenosa vai emitir as facturas correspondentes aos últimos meses do ano en curso no propio ano, non?. Pareceume entender que dicía iso o Sr. Alcalde. Que non ía emitir facturas, o sea, os dos últimos meses do 2012 que non as ía emitir no 2013 que as vai emitir no 2012, pareceume entender non?.*

*Sr. Alcalde: Entendeume perfectamente. O que pasa é que ó mellor non quere entender. Eu díxenlle, setembro, outubro, novembro e decembro son os últimos catro meses, non o último mes de decembro, nin o mes de novembro-decembro, como se facía habitualmente e como se fai nas administracións. Evidentemente liquidan no mes de xaneiro e se paga con cargo ó exercicio seguinte pero pagar con cargo ó exercicio seguinte, setembro, outubro, novembro e decembro e que despois no mes de marzo, como ben comentaba o concelleiro de facenda, se nos entregue unha factura por importe de 140.000 euros que non estaba contabilizada nin se sabía dela, polo gasto do consumo enerxético do bombeo de Liñares, e fôra de toda previsión e teñamos que facernos cargo, evidentemente, do pago, e se meta neste recoñecemento extraxudicial e que vostedes nin sequera teñan a dignidade de votar a favor, pois ese é o compromiso de cada un. Eu xa o dicía antes, sabe vostede perfectamente que hai sempre un desfase con algunhas compañías, que se ten previsto e se despraza o gasto ó exercicio seguinte pero, no mes de novembro, no mes de decembro pero non desde o mes de agosto-setembro, deixar sen pagar as facturas porque non hai diñeiro. Sabe vostede que se entra unha factura no mes de setembro e a partida orzamentaria está consumida, esa factura queda pendente e non se pode pagar ata o exercicio seguinte, ou se incorpora en remanentes ou se incorpora en recoñecemento extraxudicial, ou esperamos a que haxa unha liquidación do orzamento e se é positiva, pagamos con remanentes. Sabe vostede perfectamente que é así e, polo tanto, o que se pretende facer é complementar a partida para que cando cheguen as facturas todas que se presenten no exercicio 2012, se paguen todas e as que entren no ano 2013 se paguen como se ven pagando habitualmente a mes de decembro ou algunhas, nalgúns casos no mes de novembro, se paguen con cargo ó exercicio seguinte. É o que se fixo habitualmente. O que nunca se acumulou foi esa demora de meses que se xustificaba con que se había solicitado á compañía eléctrica unha serie de facturas. Eu lle podoo dicir que no mes de setembro a débeda con Fenosa deste concello eran case 800.000 euros, de débeda con Fenosa, ó mes de setembro. Tiven unha entrevista co delegado de Fenosa e nos trasladou e se fixo público a través dos medios de comunicación, vostede recordará, que houbo un ultimatum de que ou se lle empezaban a pagar facturas a Fenosa ou que ían a proceder a tomar decisións. Se dicía por parte dalgún grupo que se eran problemas cunha lectura dunha factura, que se habían devolto facturas e tal. En definitiva, a Fenosa, a Unión Fenosa Comercial e a Unión Fenosa Distribución se lle debían cerca de 800.000 euros en facturas impagadas no mes de setembro do ano pasado. E o que fixemos foi poñer ó día todas esas facturas e unha parte importante dese retraso se debía a que a cantidade orzamentada nos presupostos, non era suficiente para facer fronte ó pago desas facturas. E se viña acumulando un retraso que nalgúns casos xa era de ano, dun ano en facturas. E o que temos actualmente é a gran sorte de poder dicir que A Estrada, a día de hoxe, un ano despois, ten ó día os seus pagos con Fenosa, e iso para nós é moi importante, non só con Fenosa, senón con tódolos provedores deste concello; pagamos ó día e asumimos nun ano o compromiso, que así o cumprimos, de pagar eses 1.800.000 euros de facturas pendentes non orzamentadas; en doce meses. E conseguir por encima un resultado orzamentario positivo co cal eu creo que é unha gran xestión. E neste momento, o sigo defendendo (e espero que vostedes tamén) que, a supervivencia das administracións, sobre todo das administracións locais, dependerá da súa solvencia. E, neste caso deberemos ter unha administración solvente que pague o que deba, que non gaste máis do que ten e sobre todo, que actúe con sentido común, que administre os fondos de todos dunha maneira eficaz e eficiente. Pois eses son os obxectivos que nos marcabamos e creo que de momento as probas están aquí. Mire vostede o lote de facturas que temos para pagar e o lote de facturas que temos pagado e ese 1.800.000 que fixemos cargo con moito esforzo e moito traballo para poder pagar o que vostedes nos deixaron a deber. E iso eu creo que é importante. Algunha pregunta máis?. Pois se non hai ningunha intervención do público (que*

*hoxe non asistiu a este pleno), levantamos a sesión. Moi boa tarde e disfrutade da rapa que é este fin de semana e espero vervos por alí.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás dezanove horas e corenta e un minutos.

A Estrada, 5 de xullo de 2012



O SECRETARIO,  
Asesora José Xosé Veira González